

Iraq: culto ó prestixio xenocida

Sylvia Gómez Saborido

“Veiu a Babilonia para dirixirse ás Nacións Unidas, 2000 anos despois do nacemento de Cristo, a profecía do Armageddon.

Fai pender a bomba do inferno sobre as estradas e as cidades do planeta, vén o Fin de Ano, as luces da terminal do exército de Oakland brillan verdes na escuridade do anoitecer”.

La caída de América, Poemas de Estos Estados, 1965-1971, Allen Ginsberg.

Semellaba que a xubilación do funcionario Blix, de 75 anos, inspector de desarmamento de Nacións Unidas, representaba, simbolicamente, a retirada da ONU, organización avellentada, feita para os tempos do equilibrio de poderes, desairada agora pola única potencia por “non estar á altura”, dixo o embaixador norteamericano Negroponte, que acudiu, en troques do secretario Powell, á presentación do que foi, á forza, o derradeiro informe dos inspectores. Non foi Estados Unidos o único país que ese día, o 18 de marzo de 2003, desaquehou a orde legal que representa a ONU.

Hans Blix, que ten muller e fillos manifestándose contra a guerra, e mailo seu taciturno colega Al Baradei, piden volver a Iraq, continuar o seu traballo. Sen que ningún membro do Consello de Seguridade ou da Asemblea Xeral, tivese a coraxe de pedir unha resolución de condena contra Estados Unidos pola agresión, invasión e ocupación de Iraq e recuperar así unha parcela da súa lexitimidade. Os feitos consumados e a caída do dictador Saddam cedéronlle o paso á xustificación desta nova orde internacional: a do prestixio do que ten máis e mellores armas.

Moitos apresúranse a facer o epílogo da guerra en Iraq subíndose ó carro dos vencedores. É o caso de Hans Magnus Enzensberger, outrora lúcido antiautoritario, que saúda a “liberación de Iraq” e acusa de fariseísmo ós que se opuñan a ela. Esta secuencia, a do intelectual que apoia a intervención post-facto, ocorreu sempre, porque tamén sempre gañaron os que tiñan que gañar. É precipitada, porque a guerra non rematou: resta en Iraq a guerra de ocupación; queda tamén a recomposición polas armas dos equilibrios rexionais no Oriente Medio que EEUU comeza, só comeza, coa guerra contra Iraq. O que se está aplaudindo é a vía militar do tirano global, que é máis cómodo de aturar, polo visto, que o pequeno tirano local que era Saddam. Pero sobre todo, o que se pretende, é desprestixiar a superioridade ética do movemento antiguerra contemplando a esencia dos problemas internacionais cun filtro empresarial: Estados Unidos é eficaz, morreron menos civís dos que pensabades, a guerra é eficaz, un éxito.

Lembrando as probas falsificadas, presentadas por Estados Unidos e Reino Unido co fin de acadar xustificación para atacar Iraq repite Blix, entrevista tras entrevista, que “hai evidencias de que o conflito se planificou con moito tempo”. Cre o

funcionario sueco que o plan de paz anunciado por Estados Unidos para todo Oriente Medio, debe incluír controis de armamento en Israel, “se o plan persegue realmente a paz”. Suxire e insinúa, diplomático, a existencia dunha gran mentira.

Blix ten razóns para sentir ferido o seu orgullo profesional. Na preparación, que foi pública, dunha guerra esencialmente covarde, Blix foi o encargado de desarmar, ata o último día, a Iraq, mentres buscaba algo imposible: a *inexistencia* de armas prohibidas. Un goberno que nas vésperas de ser atacado abre os seus arsenais, laboratorios, instalacións militares, edificios oficiais e casas dos seus cidadáns a xentes que actúan no nome das grandes potencias, non está en condicións de atacar a ninguén e, cedo quedou claro, é mesmo incapaz de defender o seu propio territorio.

Como se se tratase da retransmisión de Eurovisión, a xente agardaba o momento do voto desa ficción que se deu en chamar “Segunda Resolución” –a que botaría o manto da legalidade á guerra de EEUU–, namentres un minúsculo partido maofista norteamericano vía coma un lema seu, “Non no Noso Nome”, percorría na boca de milleiros de persoas os cinco continentes. A formación da outra Superpotencia, a civil, ten moito que ver coa preparación, obscena e ós ollos de todo o mundo, desta guerra. Tamén os iraquís saen ás rúas, xiítas e sunnitas, ás veces xuntos, nas primeiras manifestacións políticas dende hai moitos anos, consensuados, por unha vez, nunha demanda: “fóra os americanos”. Caeu o rexime, e George W. Bush declara o fin da guerra; pero eles saben que agora comeza a guerra máis longa, a do goberno colonial, que vén roubarlles os seus recursos e aniquilar a súa cultura ancestral. “Non Saddam, non Bush, si Islam”.

“Liberar Iraq”, pero Iraq non estaba ocupado; agora si o está, e a súa poboación é o inimigo natural; iraquís e ocupantes sábeno. A finais de abril, un oficial do exército ocupante xustifica a matanza de 15 civís, durante unha manifestación en Falluja pedindo a retirada do exército: “Había moita xente e uns estaban armados e outros tiraban pedras, ¿como pode un soldado americano distinguir entre unha pedra e unha granada?”. Os veciños da cidade afirman que os manifestantes desarmados só lles pedían ós soldados que saísen dunha escola que estaban usando como campamento militar. Pero ó día seguinte, disparan e matan, de novo. A administración directa de Estados Unidos durará os tres meses que pide Tony Blair, ou ata o outono boreal que imaxina Wolfowitz, pero a administración indirecta, con Chalabi ou outro, será un novo goberno fantoche no Oriente Medio.

A Comunidade Internacional e a Coalición

Poucas veces se ten preparado unha guerra con tanta soberbia e mesquindade, case ó modo dunha gran romaría enchoupada de andrómenas, etnocentrismo e “valores universais”, para o que é unha simple empresa colonial. A enorme campaña de propaganda montada en EEUU, baseada nos aspectos emocionais sobre os obxectivos da razón, pretende ocultar e invalidar, cun gran despregamento de simplezas, o

que tamén é simple: que EEUU tenta facerse coas reservas enerxéticas que precisa para garantir a longo prazo a súa hexemonía mundial. Se nos atemos á razón, a argallada antiterrorista queda desmontada, é só unha nova fórmula para a expansión, económica e militar, norteamericana; só norteamericana. Algo repugna aínda máis e medra unha insoportable sospeita: Iraq, os iraquís, o mesmo Saddam Hussein, nada teñen que ver con todo isto.

As presións políticas *perturbadoras* (o Congreso norteamericano, pouco perturbador, nas mans dos republicanos) impediron hai un ano a creación do Gabinete de Influencia Estratéxica, popularmente coñecido como Gabinete de Desinformación, pero, como posteriormente había confirmar o secretario de Defensa Rumsfeld, a oficina non existe con ese nome pero “as funcións propostas para o Gabinete están a ser executadas”. O New York Times tamén investigou; en decembro de 2001, a campaña estaba a ser executada con toda forza, e a proposta espertara certa controversia sobre se os militares deberían executar misións secretas de propaganda en países amigos como Alemaña. Conclusión: “Temos os medios, as capacidades e o adestramento para penetrar países amigos e neutros e influenciar á opinión pública. Poderíamos facer iso e escapulir. Iso non significa que o fagamos...”.

A *penetración* acadou unha intensidade visible para todos, cando a Administración norteamericana, nos sotarregos do Consello de Seguridade, ameazou amigos importantes –Francia, un veto suporía “un acto de alta inimidade”–, amigos ós que inclúe como territorio estadounidense nos seus planos de Defensa –México–, ou países denominados “neutros”, coma os africanos, ós que desviou máis cartos nunha quincena que en toda unha década de axuda ó desenvolvemento.

A este conxunto de ameazas, coaccións e pagamentos chamóuselle “última oportunidade da diplomacia”, unha diplomacia que reuniu só amigos e non partes en disensión no medio do Atlántico, agochados na Terceira, para acreditar a prescindibilidade da Lei Internacional e lle dar o bautismo mediático á “Coalición da Liberdade”, representada polos tres países, EEUU, Reino Unido e España, que teñen agallas de abondo para lle facer fronte ó perigo para a *Paz e a seguridade mundiais*, dicían, que representaba o Iraq de Saddam Hussein. “Sen un cambio de actitude por parte iraquí, farían falla preto de 300 anos para que os inspectores acadasen algo”, atreveuse a aventurar o voceiro da Casa Blanca, Ari Freischer.

Probablemente non hai nome máis axeitado para a colaboración entre Estados Unidos e Reino Unido que coalición. Coalición é, no Dicionario do Diaño de Ambrose Bierce (1906), a cooperación entre dous ladróns que teñen as súas mans tan mergulladas nos petos doutros que non poden roubar a un terceiro por separado. Enténdese que hai beneficios colaterais para premiar os aliados de segundo rango.

O que nada ten que ver coa sátira e coa crítica, é a linguaxe empregada polo equipo Bush e aliados, unha linguaxe que ten servido para manter a falsa ilusión na existencia de certo consenso e xeito de facer as cousas a nivel internacional: a *Comunidade Internacional*. A referencia constante e teimuda a esta *Comunidade Internacional* viría cumprindo, esencialmente, dúas importantes funcións, netamente ideoló-

xicas: unha, enmascarar a destrución da autoridade de Nacións Unidas e da Lei Internacional; dous, manter a impresión de que existe un multilateralismo (cando dous, ou vinte, apoian a Estados Unidos, dise que funciona o multilateralismo por máis que hai un só mando e a decisión é dun só).

Comunidade Internacional ten, como concepto vago e interesado, outra vantaxe. Aplícase soamente ós países occidentais que representan, supostamente, a “conciencia superior da Humanidade”; son campións dos dereitos humanos en misión de liberdade e democracia. Así, Tony Blair, refírese á incursión en Afganistán dicindo que loitaba para “defender ós famentos, ós infelices, ós desposuídos, ós ignorantes, aqueles que viven na necesidade e na miseria”. Para liberar ás mulleres de Afganistán, levando a paz, a prosperidade e a estabilidade, George W. Bush apoiouse no golpista Musharraf, armou e usou como milicia delegada ós criminais de guerra da Alianza do Norte, e impuxo un goberno de palla dirixido por un home de palla do petróleo estadounidense, Karzai. A Blair, pola contra, devolveulle os soldados á casa sen ter tirado máis ca un par de bombas. Empresas máis importantes deseñábanse no horizonte para as ratas do deserto.

A definición de “Terrorismo” que acordou a *Comunidade Internacional* tras os atentados do 11 de Setembro de 2001, foi voluntaria e conscientemente incompleta, inútil. O feito é que se realizou durante a incursión estadounidense en Afganistán, onde é máis que probable que Bush e aliados chegasen a un trato coas entón *futuras* autoridades afganas para evitar verse sentados endexamais nun banco, acusados de crimes de guerra. O desenvolvemento da “cacería humana a gran escala”, como o denominou Bush, foi entón definida pola práctica totalidade dos gobernos occidentais como “resposta mesurada” e “autodefensa” por parte dos Estados Unidos. A espontánea solidariedade da *Comunidade Internacional* repregouse entón a carón da Administración Bush e calou: Putin en Chechenia, Sharon en Yenín e Nablus non son obxecto de condena ningunha. Se o terrorismo coincide co crime de guerra, sempre é o crime de guerra dos outros, máis concretamente, dos que non teñen Estado.

A *Comunidade Internacional* non é o mesmo cá ONU; esta ten por misión a defensa da legalidade internacional e a solución pacífica de conflitos. A *Comunidade Internacional* representa moito mellor unha especie de condominio imperial que adopta forma de coalicións flotantes para a acción, aliadas, ás veces, ás podentes economías occidentais baixo a hexemonía norteamericana para dominar o mundo, –repartirse os seus contidos–, sen ter que destruírse mutuamente, como probablemente acontecería nunha Terceira Guerra Mundial. Esta tería, sen dúbida, as mesmas causas que as dúas anteriores: problemas democráticos no Norte, rapina no Sur, que é cada vez máis extenso.

O salto total á ilegalidade producido pola guerra de Iraq corresponde ó funcionamento da *Comunidade Internacional*. Sen estrutura e sen lei, a súa laxitude permite a formación das coalicións tamén cando, como neste caso, os intereses das potencias non coinciden, é dicir, cando existe unha guerra encuberta entre elas.

O inimigo coma criminal

Se a *Comunidade Internacional* é unha ficción interesada, a regulamentación da guerra, a posibilidade de que existan guerras legais e guerras ilegais, ou máis ben, as consecuencias xurídicas diso, constitúen tamén un enganoso bálsamo protector da súa moralidade.

A prohibición da guerra (que existe, Pacto Briand-Kellong de 1928) ou a súa regulamentación por unha única instancia superior (o Consello de Seguridade da ONU) non elimina, naturalmente, a guerra; como moito pona fóra da lei. A guerra ilegal estará polo tanto liberada dos seus límites, ben espaciais, ben temporais ou de método; desatada.

Na última década, a *Comunidade Internacional*, armada coas armas das coalicións –no marco da OTAN, principalmente– ten elixido escenarios guerreiros definidos coma “medievais”. Pobos e exércitos preparados para seren atacados, é dicir, reducidos de antemán pola vía da desestructuración das súas sociedades, facéndoas así protagonistas inconscientes da criminalización dos seus gobernos. Mergullados na historia están os intereses económicos das potencias ou o papel dos acredores e institucións financeiras internacionais. Agochada, queda a faciana guerreira da globalización e a relación intrínseca entre os atacados e os atacantes: Saddam foi o home de Washington ata o remate da Guerra Fría; Ben Laden é o produto dos pagamentos e adestramentos estadounidenses das guerrillas fundamentalistas antisoviéticas; a UCK foi armada por Estados Unidos e Alemaña para desestabilizar o goberno iugoslavo. Na lista de terroristas, non figuran *os nosos*, ata que os seus servicios deixan de ser satisfactorios.

En Iraq, as sancións económicas estipuladas polas resolucións pretendían a retirada de Kuwait no ano 90, pero nunca foron empregadas con ese fin. O seu vencellamento co desarmamento converteu os iraquís en destinatarios. Marc Bossuyt, experto belga en Dereito Internacional, preparou en 2000 un informe para a Comisión de Dereitos Humanos da ONU (E/CN, 4SUB, 2/2000/33): “o rexime de sancións contra Iraq ten como clara finalidade infrinxir deliberadamente ó pobo iraquí condicións de vida (falla de alimentos axeitados, medicinas) calculadas para provocar a súa destrución física total ou parcial. Non importa que esta destrución física deliberada teña como obxecto ostensible a seguridade da rexión. Unha vez que se dispuxo de probas claras de que estaban morrendo milleiros de civís e de que centos deles morrerían no futuro, mentres o Consello de Seguridade continuara coas sancións, as mortes non constituirían un efecto colateral involuntario. O CS era responsable de tódalas consecuencias coñecidas das súas actuacións. Non se pode absolver ós organismos sancionadores de ter albergado a intención de destruír o pobo iraquí”. Os propios documentos das axencias de Nacións Unidas bosquexan un problema ¿é axuizable o Consello de Seguridade?

Mentres a enfermidade e a fame eran empregadas como arma de guerra, os bombardeos angloamericanos nas chamadas “zonas de exclusión aérea” –zonas

de protección para os dereitos dos curdos ó norte e os xiítas ó sur na resolución 688 de 1992– acrecentaron a destrución das infraestructuras civís iraquís, instalacións hidráulicas e eléctricas principalmente. “Atacar bancos civís ou deixar inutilizados obxectos indispensables para a supervivencia da poboación civil” é tamén un crime de guerra, pero, lembremos, a guerra moderna non ten regras e comeza moito antes de ser anunciada.

Nestas guerras sen contrincante verdadeiro, o planeamento é lento e seguro, o ataque fulminante. Así, malia o rexime de non aliñamento iugoslavo –ou máis ben pola súa causa–, a Administración Reagan concentraba xa a súa atención en Iugoslavia en 1982, subliñando a necesidade de “redobrar os esforzos para instigar unha revolución encuberta co fin de derrocar os seus gobernos e partidos comunistas (...) ó tempo que se fose reintegrando ós países do Leste de Europa na órbita do mercado mundial”. “Todo iso non significa que poidamos permitírnos o luxo de esquecernos dos Estados irresponsables, como Corea do Norte ou o Iraq de Saddam Hussein, que non teñen, na súa maioría, ningún futuro na economía do coñecemento”, dirá Condo-lezza Rice, conselleira de Seguridade Nacional de George W. Bush, moitos anos despois, pero tamén moito antes de que se fixese pública a intención de atacar Iraq: na súa primeira entrevista cos medios tras acceder ó cargo en 2000.

Anuncia EEUU, trala guerra de Iraq, un Área de Libre Comercio en Oriente Medio, que beneficiará, baixo a súa héxira, os Estados “libres e democráticos de libre mercado”. O capitalismo global norteamericano non podía frearse ante os restos do comunismo, non pode agora frearse perante o Islam. No século XXI, a intervención contra o segundo na “cruzada antiterrorista” –Abu Sayyaf– enmascara a loita contra o primeiro –Novo Exército Popular e Partido Comunista de Filipinas–. A recolonización do outrora descolonizado é militar e económica pero, que non nos enganen, tamén ideolóxica.

Como o Iraq de finais dos 80, antes da primeira guerra do Golfo, Iugoslavia era o Estado máis desenvolvido de toda a rexión a pesar da pésima xestión de Milosevic; un poder autónomo, unha *potenciña*. As tendencias secesionistas derivadas das rivalidades sociais e étnicas rexurdiron nun período de brutal empobrecemento da poboación. Co desemprego, o desmantelamento empresarial autóctono e quebra social, resultantes dos acordos de reestructuración do FMI, a desintegración política estaba servida a través das sancións económicas. A crise económica que precedeu á guerra civil xace, nembargantes, no esquecemento e queda unha única interpretación: “nacionalismo agresivo”. A débeda converteuse, trala guerra, nunha parte integral do proceso de paz, de reconstrución, de desoberanización. Así, está aberta a veda para o discurso miloseviano “a culpa téñena eles”, os cosovares, e para unha nova descomposición estatal que acontecerá en 1999.

A pesar diso, os ataques de Estados Unidos e os seus aliados nas guerras de Bosnia-Herzegovina e Cosova pasarán á historia dos vencedores por seren as primeiras “guerras humanitarias”. Dado que a guerra de agresión está prohibida, considérase a intervención humanitaria como unha resposta valente, en interese da civilización, da

sociedade humana. Maiormente en Cosova, Milosevic deixa de ser o “home de confianza” nos Balcáns para se converter en “carneiro”. Coa anexión de Kuwait, Saddam deixa de ser o amigo que contén a Revolución Islámica, para se converter en “Satán”. O inimigo transfórmase nun criminal, e a partir de aí, todo é máis doado, tamén, porque reducido a esta condición, non se privará tampouco de recorrer ós maiores excesos. Clinton ataca Iugoslavia porque se está a producir unha limpeza étnica; porque é atacado, Milosevic reacciona coa limpeza étnica e o desprazamento masivo de cosovares. É unha guerra non tanto preventiva como de “adiviñación” da xustificación.

Cosova é tamén a primeira guerra con nome e apelidos, Slobodan Milosevic, que será levado a un tribunal “sui generis” por Estados Unidos, convertidos xa en Globocop. Mareando a perdiz, as guerras posteriores tamén terán nomes de homes: Ben Laden e a súa academia de terroristas itinerantes en Afganistán; logo Saddam, a quen a Administración estadounidense salva dunha condena internacional por crimes de guerra a finais dos 80, e agora é o número 1 da súa baralla de asasinos. A maiores, trátase do Ben contra o Mal, pero en 625 liñas dá mellor unha cara e un nome. Saddam como Milosevic, como Hitler, como Stalin; para os máis enterados, mesmo como Pol Pot. Pero nunca como Pinochet, Franco, Videla, Suharto, Batista.

Naturalmente, a xustificación pública vai mudando conforme ós acontecementos: armas de destrución masiva, terrorismo, liberdade e democratización para botar o xenocida. Cando se buscan moitas xustificacións para facer algo que van facer de tódolos xeitos, o máis probable é que estean mentindo.

O pobo iugoslavo bota nas urnas a Milosevic; dende entón, ante o que considera candidatos estranxeiros, abstense. Estados Unidos envía como procónsul de Iraq a Jay Garner, ex xeneral e empresario adicado á fabricación de sistemas de dirección e comando para os mísiles estadounidenses que golpearon Bagdad. É certamente, un home estreitamente vencellado ó pobo iraquí... ¿Que democracia para Iraq? Primeiro díxoo Rumsfeld, horas despois a ministra Palacio: “non desexo para o pobo iraquí un goberno islamista”. En realidade, Washington xa advertiu que non admitirá a lexitimidade dun goberno islamista en Iraq, aínda que saia dos votos dos cidadáns iraquís. Entendámolo, especialmente se sae dos votos iraquís. Chámaselle a isto “levar a democracia”.

Fíxose xustiza, pensan moitos, xa que Saddam era un tirano, un dictador e un asasino. Iso é o que se pretendía: “ó facermos a guerra a un inimigo, cada potencia defende os seus intereses; ó perseguir un criminal, faise xustiza no nome da humanidade e os seus valores”, di John Brown no seu ensaio “Teoría do bombardeamento humanitario”. É dicir, a guerra sería ilegal e ilexítima ó actuar nas marxes do Consello de Seguridade, pero “defendería” os seus valores: democracia, liberdade, dereitos humanos, conservadorismo compasivo. “Unha nova cruzada é necesaria para traer prosperidade a través da influencia do imperialismo benigno americano”, di, moi claro, Robert Kagan, analista favorito da ala ultradereitista que domina a actual Administración norteamericana.

Bocadiños da guerra, pero non en Al Yazira

Convencionalmente, os medios de comunicación non norteamericanos –os do resto do mundo– conclúen que os discursos do presidente, George W. Bush, son de *consumo interno*. Pero o dogma Osama Ben Laden-Armas de Destrucción Masiva-Saddam Hussein, que evoca “ataques terroristas/seguridade”, foi repetido ata a fartura dende os atentados do 11-S pola case totalidade dos presidentes de goberno occidentais. No entanto, as pantallas dos televisores e os xornais encaideaban *pistas*, máis ca información: Mohamed Atta (piloto con faciana dun dos avións que esnaquizaron contra as torres xemelgas de Nova Iorque) aparece como figura mediática, despois de morto, en Tarragona, Frankfurt e Florida; é o terrorista omnipresente. Dende aquela, os edificios altos non son xa rañaceos, son “Torres”, hai protagonistas globais e lingua global.

No Reino Unido, a policía incauta un achado de ricina –potente veneno letal– nun piso de Londres; en Roma descóbrese un plan para envelenar a auga a partir da manipulación da subministración da área que circunda a embaixada norteamericana; aparecen sobres con ántrax, dirixidos a altas personalidades, en Washington. Namentres, emítase un vídeo de Ben Laden cando o interese ou a alerta comeza decaer. O padrón destas noticias acostuma citar “fontes confiables”, e consiste na repetición dunha probabilidade: “teñen lazos con Al-Qaeda/acólitos de Ben Laden”, así coma en suxerir que futuros ataques terroristas con armas de destrución masiva (repetir varias veces) poderían ter lugar en terreo norteamericano ou en cidades occidentais. Son atentados, interioriza a poboación, contra civís, contra nós.

En EEUU ponse en marcha unha campaña de vacinación que os médicos cualifican de inútil, innecesaria e mesmo prexudicial; as xentes esgotan a auga mineral e a fita illante nos supermercados, e o Concello de Nova Iorque pronúnciase (12 de marzo de 2003, a piques de comezar o ataque do seu goberno contra Iraq) contra a guerra. Varias cidades, ata 125, protestan contra a política do texano Bush, a quen chaman Dubya (W, pronunciado con acento texano). A fenda entre a América urbana e a América profunda segue aberta; nesta, todo o que cheire a “liberal” é sospeitoso de antiamericano.

Malia iso, a relación Ben Laden-ADM-Saddam consegue os seus obxectivos entre o norteamericano *medio*. Durante o ataque contra Iraq, unha enquisa do New York Times/CBS News revela que o 42% dos norteamericanos está convencido de que Saddam Hussein é directamente responsable dos atentados do 11-S de hai dous anos; o 55% da poboación enquisada pensa que Saddam lle prestaba apoio directo a Al-Qaeda. De feito, existe unha demanda en curso de familiares das vítimas por danos e perdas contra Iraq, que é unha débeda máis que restar ós beneficios do “Petróleo por Alimentos”. Resulta entón unha broma intolerable confrontalos coa situación en Israel, onde xa nos primeiros días do ataque, o goberno rebaixou as medidas de seguridade da poboación, que puido deixar as máscaras antigás na casa, xusto cando se advertira insistentemente, Saddam podería utilizar armas prohibidas contra eles.

O despregamento da campaña de desinformación serviu sen dúbida á montaxe dun *causus belli* virtual a través da emisión televisiva destas realidades fabricadas, que deberían tornarse en verdades indelebles, ó facérense parte do consenso gobernantes-medias. Así, dende os atentados do 11-S, mantense en Estados Unidos a ilusión de que “América está a punto de ser atacada *outra vez*” levando á poboación a un estado de vixilancia permanente que é, ó cabo, o que permite a asunción de case plenos poderes por parte do presidente Bush; a merma de liberdades políticas e civís; a asunción de medidas extraxudiciais contra estranxeiros; o secuestro do Congreso, que emite préstamos millonarios sen chiar para as arcas da monstruosa corporación militar USA, xa que o gasto militar “combaterá a recesión”.

Quere isto dicir que a guerra eternizada pola seguridade é polifuncional. A piques de atacar Afganistán deixouno moi claro o secretario de Defensa Rumsfeld: “esta será unha guerra como ningunha outra que teña encarado Estados Unidos... involucrará coalicións flotantes de países, que poderán cambiar e evolucionar. Os países terán roles diferentes e contribuirán de diferentes maneiras... Esta guerra pode incluír o disparo de mísiles cruceiro en calquera parte do mundo. Os uniformes do conflito serán os traxes a raias dos banqueiros e programadores, ó igual que o de camuflaxe do exército”. As bolsas mundiais saudaron con alzas os avances diarios das tropas angloamericanas cara Bagdad, e xa os contratos de reconstrucción estaban repartidos un mes antes da invasión do país, como confirmou a Axencia de Estados Unidos para o Desenvolvemento Internacional, USAID. *We trust in God*; o resto, confiamos no dólar.

A propaganda serve para agochar os intereses reais: petróleo, Enron, crise económica, afortalamiento de Israel, mantemento do dólar como moeda reserva mundial, proxección da hexemonía. Tamén debe ocultar as consecuencias da guerra. Deste xeito, nesta guerra televisada, a integración dos xornalistas en unidades militares non se dirixe a facer transparente o conflito, senón a contrarrestar a propaganda iraquí sobre as posibles actividades brutais do exército invasor. É, pois, contrapropaganda. Pero no fondo, a propaganda televisada serviu, nos meses anteriores ó ataque, para lle amosar toda unha película secuencial á opinión pública que levou a un conxencementamento xeralizado por saturación da “inevitabilidade” da guerra, máis que nada, porque é para “protexernos”. Así visto, a guerra, dinos Bush, é preventiva e defensiva –lexitimidade nacional–; humanitaria e para difundir a democracia –lexitimidade internacional–.

¿Cal é a mellor forma de desacreditar o movemento antiguerra e manter a lexitimidade do Estado? “Crear condicións, instalando temor e odio, de xeito que se presente ós gobernantes como *gardiáns da paz*, comprometidos coa eliminación do terrorismo e a preservación da democracia”, explica o profesor Michel Chossudovsky. Neste esquema, o fincapé na seguridade é esencial, confía no conservadorismo da xente: todo o mundo quere sempre máis seguridade. Esta guerra eterna ha ter un remate “cando a civilización se atope de novo segura”, puxo a data Colin Powell; ou sexa, nunca. Pero desacouga outra cousa, ¿que civiliza-

ción? O amo Bush aclara: “os EEUU son o único modelo supervivente do progreso humano”.

Podemos comprobar a importancia que acadou o xeito de contar as cousas en dous acontecementos, que sucederon a milleiros de quilómetros de distancia, pero que, para os efectos de buscar o consenso para facer a guerra contra o Iraq, cumpriron funcións complementarias. Nestes casos, houbo vítimas auténticas.

Atentados en Bali; ¿vedes o que pasa?

O ataque en Bali, en outubro de 2002, resultou con 200 mortos, a maioría turistas australianos, e foi perpetrado, segundo as fontes confiables, pola Jemaah Islamiyah, un subgrupo de Al-Qaeda dicíase, co que efectivamente comparte orixe na guerra soviético-afgana e nas actividades do *mujahideen* afganos e paquistanís patrocinadas pola CIA a través do Inter Servicios de Intelixencia paquistaní (isto non se dicía). A Jemaah Islamiyah atopouse logo coa intelixencia militar de Indonesia, estreitamente vencellada á CIA e á intelixencia australiana, relacións confirmadas mesmo polo prestixioso International Crisis Group. Cando a Administración Bush lle esixiu á presidenta indonesia Sukarnoputri que retirase as acusacións contra EEUU de estar “tralo” atentado, esta só foi quen de dicir: “unha superpotencia que forzou ó resto do Mundo a aliñarse consigo... Nós vemos como a ambición de conquistar outras nacións levou a unha situación na que non existe máis a paz, a menos de que todo o mundo obedeza a vontade daquel que ten o poder e a forza”.

A morte dos turistas australianos foi aproveitada en seguida para desencadear unha onda de indignación de bo proveito, inclinando á opinión pública australiana en prol dunha invasión norteamericana en Iraq, xusto cando o movemento anti-guerra austral estaba a adquirir máis forza. É nese momento, cando o goberno australiano decide integrarse de xeito pleno no eixo militar EEUU-Reino Unido nos ataques contra Iraq, non sen antes adoptar novas medidas policiais que incluíron o perfilamento étnico dos seus propios cidadáns.

Xa en maio de 2003, rematada a guerra contra Iraq, o Mundo non é un lugar máis seguro, e o Goberno estadounidense realiza simulacros de atentados con armas radiolóxicas e químicas. As secuencias de terror cidadán e os operativos de salvamento montados en Seattle e Chicago solápanse cos atentados verídicos de Arabia Saudita, Chechenia e Marrocos, onde hai ducias de mortos e centos de feridos, reais.

Os secuestrados en Guantánamo: o Mal vén de fóra

Outros centos de persoas reais, retidas en Guantánamo, cumpren unha función complementaria: darlles credibilidade ó medo e á campaña de propaganda ó darlle forma, a de persoas, á ameaza. Acusados de nada –¿benladenismo?– son un

instrumento máis da administración que os mantén retidos non por motivos de seguridade, senón como parte mesma da campaña de terror. Ós preto de 690 secuestrados na base de Guantánamo poderán engadírselles, pois, os máis de 8.000 prisioneiros iraquís arrestados polas tropas norteamericanas, non definidos aínda como prisioneiros de guerra, combatentes “ilícitos” ou presuntos terroristas. En Iraq, os iraquís son retidos simplemente polo medo que a súa existencia produce na arrapazada tropa norteamericana, que teme ós civís pero non ó uranio das súas propias bombas.

Permanecen aínda en chan norteamericano milleiros de persoas de orixe árabe ou musulmana retidos “preventivamente” sen garantías xudiciais, sen cargos, amparándose nunha Lei Patriótica Estadounidense que recorta gravemente os dereitos dos estranxeiros e permite a súa detención indefinida unha vez que o fiscal xeral, o ultradereitista Ashcroft, certifica que “ten razóns para crer” que un estranxeiro participa en actividades terroristas ou pon en perigo a seguridade nacional. Iranianos, libios, sudaneses, iraquís, sirios, son prisioneiros, polo tanto, do racismo que aniña na sociedade gobernativa norteamericana e do estado policial que está a implantar. As intencións quedan moi claras na orde executiva do 15 de novembro de 2001, que permite o xuízo a estranxeiros por parte de comisións militares especiais, así coma a capacidade para extraditalos a países nos que se usa a tortura.

Non só as asociacións civís senón a mesma policía rebeláronse contra as medidas de Bush. Numerosos xefes de policía negáronse a interrogar a unhas 5.000 persoas retidas indefinidamente tralos atentados do 11-S. O medo entre os inmigrantes acrecentouse dende entón polo segredo que rodea as detencións, practícase case sempre baixo a cobertura de presuntas infraccións dos regulamentos sobre inmigración.

Lei interior mundial: derrotismo, patriotismo constitucional

Existe certamente un desmantelamento progresivo da Lei Internacional. Durante os dous últimos anos, a Administración Bush ten boicoteado ou non asinado unha ducia longa de tratados internacionais, moi nomeadamente os referidos ó control de armamentos (Tratado de Limitación de Sistemas de Mísiles Antibalísticos, ABM) e os que pretenden limitar os efectos catastróficos da globalización (Protocolo de Kioto). Na retirada da súa sinatura da Corte Penal Internacional, Bush ameaza mesmo con rescatar pola forza ós norteamericanos acusados de Crimes contra a Humanidade, Crimes de Guerra ou de Lesa Humanidade.

Estados Unidos ten sido sempre especialmente remiso en canto a estampar a súa sinatura nos tratados que rexen as “leis da guerra”: a Declaración da Prohibición do Uso de Armas Termo-Nucleares (1961); a Resolución do Non-Uso da Forza nas Relacións Internacionais e a Prohibición do Uso de Armas Nucleares (1972); a Resolución da Definición de Agresión (1974); o Protocolo Adicional da Convención de Xenebra (1977) ou a Declaración da Prohibición das Armas Químicas (1989) son

acordos que coa soa sinatura dos EEUU significarían outra cousa. Non serían papel mollado pola simple razón de que, dende o remate da II GM, Estados Unidos ten bombardeado vintetrés países. O que agora acontece é simplemente unha aceleración imparable deste proceso cara a destrución da lei internacional e a súa substitución por unha orde imperial, a do Non-Dereito.

O doméstico non é tal. O Congreso de EEUU ou as ordes executivas “crean”, por outra banda, unha especie de pseudo dereito extraterritorial para todos, a partir do modelo das súas leis comerciais. Este é o caso da tentativa de resolución do Senado, abril de 2003, que exclúe a Francia, Alemaña, Rusia e Siria dos contratos de reconstrución en Iraq. Non é tentativa a Lei de Liberación de Iraq, aprobada polo Congreso e asinada coma lei por Bill Clinton en 1998, que permite o financiamento legal dun grupo opositor a Saddam, o Congreso Nacional Iraquí; ata entón tiña recibido 100 millóns de dólares en fondos encubertos. A Lei de Liberación do Iraq pide explicitamente un “cambio de rexime” no Estado iraquí, unha figura que non existe no Dereito Internacional, pero que será o obxectivo da intervención de 2003. Análoga, é a aprobación polo Congreso, en outubro de 2002, dunha declaración que nomea Xerusalén como capital do Estado de Israel.

Este proceso, que culmina co ataque a Iraq, debe ir acompañado, necesariamente, de medidas interiores –“antiterroristas”– como as descritas anteriormente, para xustificar o estado maximalista de seguridade que é hoxe Estados Unidos, e no que se están a converter os países da Unión Europea. Nun proceso paralelo, parte destas medidas antiestranxeiro foron transplantadas, tamén ó longo dos dous últimos anos, a Reino Unido (coa suspensión temporal da Convención Europea dos Dereitos Humanos); Francia (expulsións masivas de inmigrantes ilegais); Italia (interceptación, sen orde xudicial, de conversas telefónicas e vía Internet). O goberno español felicítouse por ser, daquela, o primeiro (Lei de Estranxeiría).

Pero o que ten espertado o malestar das sociedades europeas non é, por suposto, isto; como pouco, están cansas da importación do agresivo modelo sociolaboral norteamericano a Europa. O erro máis grande da campaña de propaganda cometérono os coaligados europeos ó traducir directamente, talmente, o discurso norteamericano –o que era de consumo local– ó Reino Unido, España, Italia, países onde a cidadanía está maioritariamente en contra da intervención militar e onde se están a producir importantes crises de lexitimidade democrática.

Así, cando, por exemplo, José M^a Aznar mestura nunha mesma frase os termos “terrorismo”, “fanáticos” e “comunistas”, recolle, sen reciclar, as claves de discursos alleos: o de Bush, o de Blair, o de Berlusconi, respectivamente, presentándoos como a base para o entendemento dos acontecementos mundiais. Non por iso explica nada, pero avanza, co obxecto de dividir a cidadanía, certos *referentes culturais*; concretamente, a vella pantasma “nacionales y rojos”.

Do mesmo xeito que o Pentágono pide un mando militar para que o Exército poida actuar dentro de EEUU, o Ministerio de Defensa español estudia, ou desbota, un borrador que resucita o delicto do derrotismo do código militar coas miras postas,

nembargantes, nos civís que se manifestan contra a guerra. ¿Que cárcere pode pechar os millóns de persoas que saen ás rúas para manifestaren a súa oposición ó ataque norteamericano e a súa discorformidade coa política do goberno? ¿Un Guantánamo propio ¿Perejil? Onde a ciclópea *rojigualda* na praza de Colón; nada ten que enxexar á súa inspiradora, a solemne *barras e estrelas* do cemiterio de Arlington, EEUU. O patriotismo constitucional, ¿vén tamén de alí?

Democracias insoportablemente febles: impeachments preventivos

En forma de labazada, a guerra en Iraq reveloulle á cidadanía occidental que a liberdade formal das nosas democracias (a posibilidade de publicar enquisas, por exemplo), confrontada coas políticas dos nosos gobernos, prepotentes e acomplexados no seu entreguismo a Washington, pode ser moi insatisfactoria. Nesta ocasión, a certeza resultou mobilizadora, pero non ocorre así a maioría das veces.

Lembran agora na Gran Bretaña que Tony Blair, reelixido en 2001, o foi soamente cunha porcentaxe de participación do 59% dos electores, e acadou un apoio de tan só o 25% do corpo electoral. Ningún primeiro ministro gobernou nunca cun mandado tan cativo. E lembran en Estados Unidos que George W. Bush gañou a presidencia, nos tribunais, con 537.000 votos populares menos có adversario, cunha abstención que roldou o 50%. O voto Bush tivo xénero (masculino), afeccións (armas, deporte e negocios) e un valor absoluto –América, Estados Unidos–, un valor case ecuménico, excluínte, para tapar unha realidade: que o actual goberno é só a fachada política duns intereses económicos sumamente poderosos e impacientes; que os militares constitúen o Estado dentro do Estado.

Pode resultar bochornoso lembralo, pero a educación era un dos puntos estelares do programa do Bush “illacionista”, é dicir, o prebélico, pero moi poucos estadounidenses (menos do 5% segundo as sondaxes) saben quen é Tommy Thompson, o responsable da materia no goberno. Os titulares dos departamentos de Traballo, Agricultura, Transportes ou Comercio comparten o mandado clandestinizado do seu colega pola sobredimensionalización da Presidencia, o Departamento de Defensa e a Fiscalía Xeral do Estado (ministro de Xustiza e máximo responsable da policía).

Desatendida polos medios de comunicación permanece aínda unha reclamación presentada por un tribunal popular de Tokio, en decembro de 2002, que acusa a George W. Bush por 31 Crimes de Guerra, violacións da Convención de Xenebra e outros Crimes contra a Paz en Afganistán. Expertos en Dereito Internacional, xornalistas e parlamentarios, formaron unha delegación que viaxou ós campos de refuxiados en Afganistán e Paquistán para figurar como testemuñas nun posible xuízo oral. Os fotógrafos de prensa foron entón ameazados coa detención ou mesmo con seren disparados pola violación da censura imposta militarmente por EEUU. Nin estes feitos, nin outros que tiveron lugar posteriormente, acadaron maior repercusión; é ben

sabido que os gobernos renunciaron, hai xa bastantes anos, á defensa diplomática dos seus nacionais cando Estados Unidos ten algo que ver.

Son tamén iniciativas cidadás as que toman a reclamación xudicial que lles corresponde ós gobernos. Son os casos do Tribunal para Crimes na Guerra do Golfo, organizado polo International Action Center do ex comisionado estadounidense Ramsey Clark; a Misión Independente de Investigación para xudiciar os Crimes de Guerra dos EEUU e da OTAN contra o pobo de Iugoslavia, e mailo Tribunal para os Crimes de Guerra en Corea, respecto das agresións estadounidenses contra o pobo coreano dende 1945 a 2001.

Tamén parte da cidadanía a presentación dun Impeachment (procedemento de destitución) *Preventivo* contra George W. Bush, Dick Cheney, Donald Rumsfeld e John Ashcroft polo “planeamento da invasión de Iraq e a creación dun estado policial anticonstitucional en EEUU”. Un dos impulsores desta iniciativa, o profesor de Dereito Internacional Francis A. Boyle, lembra que os Tribunais de Nuremberg xulgaron os dirixentes nazis pola posta en práctica da mesma doutrina, ataque ou guerra preventiva, que agora recolle Washington, nos seus documentos mestres, para lle dar teoría xeopolítica ó seu expansionismo. Segundo esta reclamación, o goberno norteamericano violou non só os Principios de Nuremberg e a Carta das Nacións Unidas, senón a Constitución e a Lei Federal a través da aprobación de leis aviadas á creación encuberta dun Estado de Excepción e ó desmantelamento do Estado de Dereito, como son a Lei de Seguridade Interior e a Lei Patriótica, aprobada esta polo Congreso sen aínda rematar de redactarse.

Os mesmos xuristas que pulan, voluntariosa e valentemente, por sacar adiante o Impeachment *Preventivo* contra a Administración norteamericana, son conscientes de que estas iniciativas, semellantes a outras postas en marcha en Reino Unido e España, constitúen tamén un procedemento político e que os Republicanos controlan este cauce. ¿Que significado teñen pois estas iniciativas, condenadas ó fracaso dende o principio?

Medios de mobilización e presión, os tribunais populares para Crimes de Guerra e os *impeachments preventivos* aférranse á democracia e ó Dereito, nun caso para denunciar a criminalidade das políticas exteriores contra “os outros”; son ós que lles repugna que a gasolina lles saia uns céntimos máis barata a costa dos mortos do noso racismo mercantilista. Os *impeachments preventivos* impugnan o dereito a gobernar por riba dos cidadáns; en Europa son aínda preventivos, en Estados Unidos teñen quizais outro significado e xa chegan tarde. En tódolos casos, desenmascaran a mentira; están fartos das mentiras dos seus gobernos.

Ocupación en Iraq; chegan os novos libros de texto

Na guerra, o agresor ve ó inimigo como un sistema, un organismo, o conxunto da sociedade vese implicado: radio, televisión, escolas, hospitais, mercados, son destruídos por bombas intelixentes que destrúen países enteiros comezando pola his-

toria, a cultura e o legado antropolóxico. Ata comezos de 2003 convivían en Iraq dúas ducias de linguas, pero os novos cadros da administración colonial iraquí, saídos moitos da Garda Republicana deberán facer méritos en inglés, como deberán facelo tamén os seus máis altos cargos, que foron comprados nos meses anteriores á guerra coa cidadanía norteamericana e unha casaña no alfoz de Detroit.

A nova loita que se agarda, a de posguerra, será tamén por impór unha cultura trala destrución: “que pobre é esta xente”, comentaba á cámara, un sarxento do 7º de Cabalería no seu avance cara Bagdad. Na súa vila non falla un Macdonalds no *corner* da praza, e o militar percorre quilómetros e quilómetros sen atopar ningún. Chega o proceso de aculturización e a USAID asigna contrato para revitalizar a educación en Iraq: “A meta do goberno de Estados Unidos é garantir que os nenos se preparen para o novo curso escolar que comeza en setembro de 2003”.

Nun manifesto aparecido durante a invasión, funcionarios do Museo Británico pedían o respecto para co patrimonio cultural iraquí; case todo o que Occidente considera fundamental ten a súa orixe en Mesopotamia. Non só minaretes, cigurats e museos. As tropas portorriqueñas dos EEUU, que buscaban botes con etiqueta de ántrax, antes de que chegasen os mercenarios de elite para a reconstrución, coidaron o Ministerio do Petróleo pero deixaron que as dúas ducias de delincentes de catro cadelas que saudaron a súa entrada na praza Fardous, roubasen cepas de Sida e ébola no Ministerio de Saúde.

O carácter criminal do inimigo, Saddam, exténdese, na visión dos atacantes, a toda a poboación, á que polo tanto é lexítimo “repeler” –os soldados de Saddam xogan suxo porque se quitan as casacas, di Rumsfeld–. A poboación civil é, en realidade, un obxectivo militar fundamental porque o fin non é só derrotar a cúpula do país, senón a parálise de todo o seu sistema, incluído o socioeconómico. Por iso a poboación, á que o invasor pretende subordinar, está implicada, é un branco. Por se negaren a disparar á poboación, tres soldados británicos retornaron ó seu país, para exporse a condenas de ata dous anos de cárcere, a comezos do ataque, na interminable e xenocida toma de Basora.

Tralos bombardeamentos e o tiro fácil, chegan as mantas dos buques Galicia e Sir Galahad, distribuídas polas ONGs subcontratadas ou chimpadas dende os tanques xunto ós paquetes de galletas –“cookies”– ás xentes privadas previamente dos seus medios de subsistencia. Chega o zurcido das fendas con algodón de New Orleans, chegan os policía e os novos xuíces namentres os bandidos, postulantes dun posto de traballo, apúntanlle ó soldado Ryan un tipo que, din, é un fedaiín.

O estado de guerra e o estado de paz serán difíciles de distinguir en Iraq, e por iso EEUU “vese na obriga” de facerse con catro novas bases naquel país, Iraq, dende o que atacar ós outros, a Siria quizais, a Irán. Todo opositor pode así converterse nun terrorista, real ou ficticio, nun inimigo asimétrico, disposto se cadra a inmolar-se levando consigo a terraza do Macdonalds do *corner*.

“Fóra os americanos”, comezou moi cedo a escoitarse nas rúas, na voz dos xiítas e sunitas. Fóra o goberno infiel, din eles; forzas de ocupación, segundo a Cien-

cia Política. A lóxica de guerra toma en Iraq unha dimensión constituínte nese novo Iraq, que será algún día entregado a un goberno “netamente” iraquí, estudiado en Londres, adestrado en Budapest, financiadas as súas armas nas beiras do Potomac.

Sylvia Gómez Saborido é analista do Igadi.